



Escribo ben

1 Forma oracións coas mensaxes e non esquezas as comas.



Four horizontal lines for writing the sentences from the messages.

2 Completa o correo electrónico e pon os signos de puntuación.

PARA:

ASUNTO:

Querida Ana

Hoxe pola tarde achegarémonos ata a túa casa para rematar de ver a película

Irei con Rosa Mateo Claudia Iria

Paréceche ben Pasarémolo xenial

Un bico

Antía



Estudo a lingua

Cando falamos e escribimos utilizamos unha lingua.
A **lingua** que estamos utilizando agora é a **lingua galega**.

1 Le e contesta.



Linguas do mundo

No mundo fálanse moitas linguas diferentes: inglés, francés, chinés, portugués, árabe, italiano, xaponés, castelán, galego...

Un gran número de persoas fala dúas ou máis linguas. Coñecer varios idiomas desde pequeno favorece a aprendizaxe doutras linguas.

En que lingua falas coa túa familia?

Falas acotío galego cos teus amigos e amigas?

Ademais do galego e do castelán, coñeces algunha outra lingua? Cal?

2 Indica se estás de acordo ou non coa seguinte afirmación e por que.

«Coñecer distintas linguas é moi importante para poder viaxar e aprender a respectar outras culturas».



Novas tecnoloxías

Observa, le e aprende.

Un dos maiores **avances** dos últimos tempos produciuse no campo das **comunicacións**.

Antigamente, as comunicacións eran lentas e escasas. As persoas coñecían as noticias polos **xornais**, a **radio** e, posteriormente, pola **televisión**.



Actualmente, **Internet** permitiu que esteamos informados do que sucede no mundo case no mesmo momento no que está pasando.

O mesmo sucede coa **comunicación entre as persoas**. Antigamente, escribían **cartas** que tardaban semanas e meses en chegar, e as chamadas por **teléfono** eran caras e complicadas.



Na actualidade, os **teléfonos móbiles** permiten estar permanentemente comunicados. Ademais, coa maior parte dos teléfonos móbiles podemos conectarnos a Internet e buscar información, consultar o correo electrónico....

1 Describe coas túas palabras para que serve un teléfono móbil.

- En grupos, investigade todas as utilidades dun móbil e face de un mural. Non esquezades incluír imaxes!

O ordenador

Observa, le e aprende.

O **ordenador** é unha máquina coa que podemos escribir, conseguir información, comunicarnos, aprender e divertirnos. Para utilizalo debemos coñecer as súas partes e como funciona.

Recorda
Co ordenador podes navegar por Internet, pero recorda que debes utilizalo sempre baixo a supervisión dun adulto.




1 Tamén existen ordenadores portátiles nos que todos os compoñentes están integrados nunha mesma máquina. Fíxate na imaxe e escribe **monitor**, **teclado** ou **rato**, onde corresponda.



Falo e escribo

1 Le.

41



AS CORES DO MAR

AZUIS son as sardiñas
que sucán alegres o mar.

VERDES, as algas verdes
bailan suaves un valse.

COLORADAS as estrelas,
as estrelliñas de mar.

AMARELAS as buguinas
coas que escoitas lonxe o mar.


VERMELLO o caranguexo
que camiña para atrás.

BRANCAS as escumas
que acariñan o areal.

Mira o **ARCO DA VELLA**
que está a facer o mar!

2 Debuxa o mar do poema.





Cando as palabras rematan igual dicimos que **riman**.

3 Une as palabras que rematan igual e completa o poema; logo, debúxao.

xeado

bambán

viaxeiro

abrigado

verán

sombreiro

O día xeado anda
ben .

O alto leva
un bonito .



4 Completa este poema coas palabras que andan voando.

41



—Onde vas ,




—Vou coller a


e nunha



percorrer o .



Quero ver como as



van enchendo

de os sorrisos e

as dores.



Galería de personaxes

Ciencia



Galileo Galilei

Estudoso italiano (filósofo, matemático, enxeñeiro, físico, astrónomo...) que inventou o telescopio e descubriu que a Terra xira arredor do Sol.



Marie Curie


Física, matemática e química que estudou a radioactividade e foi a primeira persoa en recibir dous Premios Nobel en distintas especialidades (Física e Química).

Arte



Ludwig van Beethoven

Músico alemán considerado un dos grandes compositores da música clásica universal. *O Himno á alegría* é unha das súas obras máis famosas.



Pablo Picasso

Artista malagueño cuxas obras se encontran nos principais museos do mundo. Pintou moitos cadros. Un dos máis famosos é o *Guernica*.

Humanidades



Teresa de Calcuta

Relixiosa que dedicou toda a súa vida a axudar aos máis humildes e necesitados, sobre todo na India, e por iso recibiu o Premio Nobel da Paz.



Nelson Mandela

Político sudafricano que chegou a ser primeiro ministro do seu país e loitou pola paz, os dereitos e a igualdade das persoas. Tamén recibiu o Premio Nobel da Paz.

1 Le, pensa con que personaxes relacionarías estas afirmacións, e escribe os seus nomes.

- Destacou nos campos da Física e a Química.

- Podemos ver algúns dos seus cadros no Museo Reina Sofía (Madrid).

- Co seu invento podemos ver a Lúa máis preto.

- Gañaron o Premio Nobel da Paz.



Tarefa: O Día do Medio Ambiente



- 1 Observa e risca o que non se pode facer.




- 2 Copia.

Debemos coidar a natureza e a auga.

A contaminación destrúe o medio.

- 3 Debuxa un adhesivo para defender o medio.



Repaso da unidade

1 Completa.

Se sabes falar galego e castelán, es bilingüe.

Se sabes falar galego, castelán e outras linguas máis, xa es .

2 Completa con **z**, **qu** ou **c** estas palabras.

__ oche ros__ illa ve__ iño a__ ucre
__ eimada __ erdeira pin__ a __ uruxa
ferwen__ a __ ámara __ oco __ ios__ o

3 Ordena alfabeticamente estas palabras.



4 Escribe para que utilizas ti o ordenador e que outras cousas se poden facer con el.

5 Le e completa.

Cristóbal Colón descubriu .

Rosalía de Castro escribiu

.


Repaso trimestral

1 Escribe os seus nomes con **mp** e **mb**.



2 Copia as palabras destacadas.

Nunha póla dunha **cerdeira** había unha pega, peteira, **peteira**. Comía cereixas e non se **fartaba**, comíaas todas, ningunha **deixaba**.



3 Une.

O festival

Xurxo

André

O gato

atrapou un rato.

será o venres.

estuda moito.

mercou un ordenador.

4 Escribe unha oración **interrogativa** e outra **exclamativa**.

5 Rodea o que fan estes nenos.

S	A	L	T	A	R
U	P	S	T	A	A
B	F	E	R	H	T
I	E	R	U	I	N
R	F	L	E	R	A
F	I	A	X	Z	C



6 Continúa o diálogo.

Rosa: —Vas participar no festival?

Carlos: —Si, vou.

Rosa: —Que vas facer?

Carlos: —

Rosa: —

Carlos: —

7 Completa con **este**, **ese**, **aquel**.

barco

faro

arquipélago



8 Coloca **porque** e **por que**.


queres que cheguen as vacacións?

quero ir á praia?

Repaso trimestral

1 Realiza este encrucillado sobre os diversos materiais.

1. Deste material están feitos moitos xoguetes.
2. Un cravo está fabricado con este material.
3. Moitas pezas de abrigo fanse con ela.
4. Os tarros da marmelada adoitan ser de...
5. Algúns zapatos e bolsos son de...



2 Observa a imaxe e busca tres máquinas que funcionan con enerxía manual e tres con enerxía eléctrica. Logo escribe os seus nomes.




Manuais


Eléctricas

3 Debuxa unha máquina ou un dispositivo co que podes realizar cada acción. Despois, escribe debaixo de cada un se representa un medio de comunicación individual ou colectivo.

Escoitar as noticias.



Enviar unha mensaxe.



Falar con amigos.



4 Colorea os traballos que se realizan na natureza. Despois, escribe o nome de cada profesión.

